



O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0009_001_en_0_00_00_id654_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0009_001_en_0_00_00_id654.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das festas e explica como se iluminaban de noite antes da chegada da luz eléctrica. Tamén fala do conflito constante que había entre a xente de Cangas e a de Moaña polas modalidades de pesca empregadas en cada sitio.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 10 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, balandro, festa, romería, banda de música, luz eléctrica, Moaña, Cangas, conflito, embarcación a motor, xeito, boliche, traíneira

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Prácticamente non iba case nadie ós bailes. ¿E facíanse, facíanse excursións? ¿No verán facíanse excursións ás Cíes, ó Verdugo, hasta Vilaboa, a San Simón?... Ás festas íbase ¿non?

R: Ás festas. cada un, particularmente iba a... Tan pronto se pasaba o verano e viña o inverno, esas embarcacións saían, despois entraba a arte. A arte con cabo en terra, xa é de terra. E despois foi cando viñeron as... trouxeron de Leixós...

P: E solíanse facer así excursións, principalmente os sábados e os domingos non se traballaba ¿non? e eses días facíanse excursións ó mellor se iban a unha romería ou había festa na Peregrina, ¿non se iba en barco hasta a Peregrina¹ ou hasta San Adrián?

R: Moitas veces a San Adrián íbase nos balandros, os que estaban alí.

P: Íbase con familias enteiras ¿non? e que se levaban nunha cesta as empanadas.

R: E cada un despois comía. Neses barcos de remos (?). Despois alí amarraban o barco iban comer e despois á hora que querían virse xuntábanse e víñanse.

P: ¿E a que sitios iban normalmente? que se iba hasta San Simón ¿non se iba?

R: A San Simón non se iba o máis lexos hasta San Adrián.

P: A San Adrián. Era importante a festa de San Adrián ¿non? e a Chapela e a zona de Redondela ¿e por Cangas non iban?

R: Non porque antes había moitos líos, moitos líos ó xuntarse, non e coma... aquí todos somos xuntos parece que todos somos irmáns e pelexamos os uns cos outros ¿non? un veciño con outro pero luchar un aquí e outro de Chapela, un aquí e outro de Cangas é mais problema, porque traen máis complicacións. Hubo unha época aquí que no caldeo cando se andaba nos barcos de remos, Cangas nunca quixo ir ó caldeo², Cangas andaba ó xeito e ó boliche, e cando viñeron os barcos de remos estes, os asturianos, pois eles viñeron con motor, motoritas traían unhas caldeiras de tren, que eran máquinas de tren e meteuse na ardora, e o barco que atopaba, eles traballaban de noite solo, e nosoutros traballábamos de día e na ida e volta ou na romería de Cangas ou a de Moaña, pois sempre onde iban os de Cangas non podían ir os de Moaña.

P: E claro como tiñan un barco de motor máis potente.

R: Non. Era pola modalidade de traballo. Todos íbamos a unha especie, a especie de peixe e como todos íbamos á mesma especie. Nós queríamos ser máis ca ti.

P: Pero eles claro teñen un barco de motor e sempre abordaban.

R: Pero como o peixe cando se pescaba de día á á... non pescaban de noite, porque comía moito de día e de noite pois estaba... agachábase e non o mirabas. E chegaba a mañán e mirábase o barcos arriba metíanse e pasaba por riba do talmo³ (sic)(?) que estabas a facer... e despois viñan os líos. Así que había unha festa coma nos Remedios⁴, esas pois había sempre lío.

P: Sempre acababan enfrontados os de Cangas contra Moaña ¿E teñen ido ó mellor á romería a San Miguel de Oia, A Vigo ou a Baiona?

R: Pero tense ido particulares. Ahora embarcacións non.

¹ Peregrina, barrio de Isamil na parroquia de Meira que se festexa en agosto.

² Creo que se remonta a un grave conflito que houbo a finais do XIX e comezo do XX, cando se importaron de Asturias e Cantabria a arte da traíña coas correspondentes traíñeiras, e que entraron en plena guerra de intereses contra os xeiteiros. Bouzas e Moaña foron os principais defensores das traíñas e o resto dos portos, con Cangas ó fronte, avogaban polo xeito. Esta rivalidade perpetuouse durante décadas coa chegada das novas tecnoloxías.

³ Talmo= localismo. É a cuberta da proa das embarcacións como traíñas, botes ou chalanas, por exemplo.

⁴ A festa dos Remedios celebrábase despois do domingo de Resurrección, no monte da parroquia de Tirán que linda co concello de Cangas.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿E como se celebraba a festa, eran parecidas a agora ou había moita diferenza?

R: Mellor de música, e mellor de...

P: E había bandas de música practicamente en todas, ¿e gaiteros había?

R: Era a base de banda de música.

P: De bandas de música.

P: E botaban hasta altas horas, porque había unha época que non había luz ¿non? Cando non chegou a luz eléctrica...

R: ¿Sabes con luz había ali? Farolillos!

P: ¿Farolillos de carburo?

R: De vela, farolillos así redondos, de papel, unha vela aquí e cando se acababa a vela ardía a uña (?).

P: Ardía moito (?).

R: Facía un redondel así o farolillo ese.

P: E as festas esas hasta que horas botaban.

R: Hasta as dúas da mañán ou así.

P: Hasta as dúas da mañán. E todos iban con velas ¿e cando había vento?

R: Cando había vento...

P: Apagábanse as velas todas ¿Non?

R: Claro, ó haber vento apagábase todo, a veces duraba.

P: ¿E non se usaban candiles?

R: Usábanse farolillos todos deses.

P: Todos ¿E na festa do Carme e San Martiño tamén?

R: Non en esa non. No Carme non mirei non. Os farolillos xa hai moito tempo que... (?)

P: Se acorda da festa con luces ¿non?

R: Acórdome do farolillo. En Samertolameu sempre co farolillo á Peregrina co farolillo. Non había luz...